LGB5.3.1. Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.	1º, 2º, 3º	Diferencia adecuadamente os xéneros textuais sempre.	Case sempre é quen de distinguir entre narrativa, poesía e teatro.	Sabe dicir de que xénero é un texto dado se se lle axuda.	Non distingue entre os diversos xéneros literarios nin con axuda.
LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas.	1º, 2º, 3º	Domina a escritura de relatos e poemas con distintas finalidades.	Adoita compoñer poemas e relatos axeitadamente.	Ten algunha dificultade á hora de compoñer poemas e relatos.	Non é quen de recrear e compoñer poemas nin relatos.
LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios adaptados á súa idade.	1º, 2º, 3º	Amósase sempre moi participativo cara a dramatizar textos da literatura.	Case sempre apúntase a dramatización.	Non moi a miúdo participa en dramatizacións.	Non participa nas dramatizacións de textos literarios.
LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.	1º, 2º, 3º	Valora moi axeitadamente a literatura.	A súa valoración da literatura é positiva.	A súa valoración da literatura é aceptable.	Non valora axeitadamente a literatura.
LGB5.7.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural.	1º, 2º, 3º	Ten unha actitude respectuosa e curiosa acerca doutras culturas sempre.	Case sempre amosa respecto e curiosidade respecto a outras culturas.	Ás veces valora a diversidade cultural e respecta outras culturas.	Non é quen de valorar a diversidade cultural nin os costumes alleos.
LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes enunciados, palabras e sílabas.	1º	Sempre é quen de denominar correctamente os textos e diferencia entre enunciados, palabras e sílabas.	Adoita denominalos e diferenciar entre enunciados, palabras e sílabas.	Cústalle denominar ben textos e diferenciar entre enunciados, palabras e sílabas.	Non sabe dicir o tipo dos textos cos que traballa nin diferencia entre enunciados, palabras e sílabas.
LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.	1º	Domina o concepto de sílaba e sabe distinguir cal é a tónica.	Recoñece que é unha sílaba e sabe atopar a sílaba átona e a tónica.	Cústalle diferenciar a sílaba tónica a as sílabas dunha palabra.	Non diferencia as sílabas de cada palabra nin sabe cal é a tónica e a átona.
LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e cámbiao.	1º	Domina os conceptos de xénero e número.	Sabe recoñecer xénero e número dos	Cústalle sinalar xénero e número	Non identifica o xénero nin o número.

			substantivos.	das palabras dadas.	
LGB4.3.1. Emprega con correccións os signos de puntuación.	1º	Domina os signos de puntuación.	Emprega ben os signos de puntuación case sempre.	Se se lle guía usa con corrección os signos de puntuación.	Non fai un uso axeitado dos signos de puntuación.
LGB4.7.1 Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras.	1º	Sempre aplica correctamente as palabras derivadas, compostas e as familias de palabras.	A miúdo as recoñece axeitadamente.	Cústalle recoñecelas.	Non é quen de recoñecer as palabras derivadas e compostas, tampouco identifica nin forma familias de palabras.
LGB4.7.2 Recoñece e usa sinónimos, antónimos, palabras polisémicas de uso habitual.	1º	De forma autónoma emprega axeitadamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.	Case sempre o fai.	Faino se se lle dá algunha axuda.	Non é quen de empregar correctamente sinónimos, antónimos nin palabras polisémicas.
LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación.	2º	É quen de aplicar as normas de acentuación con corrección.	Case sempre acentúa axeitadamente.	Ten algunha dificultade coa acentuación das palabras.	Non acentúa correctamente.
LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas.	2º	Ten dominio sobre as normas ortográficas básicas.	Adoita dominar as normas ortográficas básicas.	Con axuda escribe correctamente as normas ortográficas básicas.	Non aplica axeitadamente as normas ortográficas básicas.
LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición, causa, oposición, contradición...	2º	Usa correctamente diversos conectores nas súas producións.	Case sempre emprega diferentes conectores nos seus textos.	Utiliza os conectores básicos entre oracións con algunha axuda.	Non usa axeitadamente os conectores básicos entre oracións.
LGB5.3.1. Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.	2º	Diferencia adecuadamente os xéneros textuais sempre.	Case sempre é quen de distinguir entre narrativa, poesía e teatro.	Sabe dicir de que xénero é un texto dado se se lle axuda.	Non distingue entre os diversos xéneros literarios nin con axuda.
LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo	2º	Domina a escritura de relatos e poemas con distintas finalidades.	Adoita compoñer poemas e relatos axeitadamente.	Ten algunha dificultade á hora de compoñer poemas e relatos.	Non é quen de recrear e compoñer poemas nin relatos.

ou lembranzas.					
LGB4.1.2. Identifica o tempo verbal (presente, pasado e futuro) en formas verbais dadas.	3º	Recoñece perfectamente o tempo e as formas verbais.	Case sempre é quen de identificar o tempo e as formas verbais.	Con axuda os identifica.	Non sabe identificar nin o tempo nin as formas dos verbos.
LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación do pronome átono.	3º	Domina a colocación do pronome átono.	Adoita empregar correctamente a colocación do pronome átono.	Ten certa dificultade para colocar o pronome átono.	O seu dominio na colocación do pronome átono non é axeitado.
LGB4.5.1 Identifica intuitivamente, en oracións sinxelas, o papel semántico do suxeito.	3º	Identifica sempre o suxeito de forma autónoma e intuitiva.	A miúdo identificao .	Cústalle identificar o papel semántico do suxeito.	Non é quen de indentificar o papel semántico do suxeito.
LGB4.5.2 Sinala intuitivamente o verbo e os seus complementos, especialmente o suxeito, en oracións.	3º	Sinala sempre de forma intuitiva o verbo e os seus complementos.	Case sempre sinala o verbo e o suxeito correctamente.	Ten algunha dificultade a hora de sinalar o verbo e o suxeito.	Non domina a identificación do verbo e complementos, nin a do suxeito.
LGB4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.	3º	Non mestura as linguas coas que ten contacto nunca.	Adoita non mesturar as linguas que posúe.	Ás veces mestura algunha das linguas que estuda.	Mestura case sempre as diversas linguas que está aprendendo.
LGB5.3.1. Identifica o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro.	3º	Diferencia adecuadamente os xéneros textuais sempre.	Case sempre é quen de distinguir entre narrativa, poesía e teatro.	Sabe dicir de que xénero é un texto dado se se lle axuda.	Non distingue entre os diversos xéneros literarios nin con axuda.

## **MÍNIMOS ESIXIBLES PARA O LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

### **Comprensión Oral**

- Extraer o sentido global de mensaxes orais de uso cotiá.
- Recoñecer as ideas principais de textos extraendo a información relevante.

- Facer pequenas deducións a partires do escoitado.

### **Expresión Oral**

- Expresión oral correcta en conversas, diálogos, informacións,... tendo en conta o vocabulario cotiá.

- Recitar, narrar e describir.
- Formular preguntas coherentes co tema tratado.
- Respetar normas de interacción comunicativa (escoitar, quenda...)

### **Lectura**

- Ler polo menos 90 palabras por minuto de forma fluída.
- Lectura en voz alta e de forma silenciosa, facendo as pausas oportunas e con entoación correspondente.
- Ser quen de responder a preguntas orais e escritas sobre o que leu.
- Comprensión de textos de ata 200 palabras (contos, entrevistas, descricións, poesías, teatro, noticias, carteis,...)

### **Escritura**

- Letra lexible e clara.
- Ditados de parágrafos completos, sen omisións, inversións, adicións ou fragmentacións.
- Ortografía: Maiúsculas en nomes propios e despois de punto.
- -mp-, -mb-,
- bl, br, -rr-, r-,
- x, cc, c/z,
- -d / -z
- uso de R despois de L, N, S
- Describir, narrar aplicando normas básicas de ortografía, nexos, signos de puntuación, interrogación e exclamación.

### 3.1. ÁREA DE LIBRE CONFIGURACIÓN

A LOMCE introduce en cuarto e en sexto curso esta área que conta cunha hora semanal de dedicación. Esta hora empregárase para reforzar as áreas instrumentais.



#### **4.METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVE COMO ELEMENTO ORGANIZADOR**

No curso empregarase unha metodoloxía activa, participativa e integradora, e potenciarase a aprendizaxe significativa.

Profesorado e alumnado deben ter unha actitude activa que permitan aprendizaxes significativas mediante a mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.

- Debemos posibilitar que realicen aprendizaxes significativas por si mesmos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñan sentido, coherentes coa realidade que vive o alumno e alumna, que esixan a súa actividade mental e que lle leve a reflexionar e xustificar as súas actuacións.
- Propiciar a interacción entre o alumnado, por exemplo mediante o traballo cooperativo como un dos factores que favorecen a aprendizaxe.
- Ter en conta as necesidades de cada alumno e alumna, dándolle prioridade ao tratamento á diversidade.

Considerando o papel socializador da escola, teremos en conta o traballo sobre as habilidades sociais, no que se refire á relación cos iguais e con outros adultos, o autoconcepto e autoestima.

A distribución do horario dentro de cada aula contempla a posibilidade de dispor de tempos para desenvolver algún proxecto de traballo, tempos para dedicación a aprendizaxes que requiren unha secuencia temporal determinada, tempos para actividades compartidas con grupos distintos da aula. Utilizaremos os agrupamentos flexibles, os pequenos grupos de reforzo fóra ou dentro da aula como medida para facilitar a individualización da ensinanza.

#### **4.1. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Na área de Matemáticas utilizarase: Libro do alumno (Editorial Vicens-Vives), caderno do alumno, fichas de reforzo e ampliación, cadernos de cálculo e problemas, mapas e planos, materiais manipulables (cartolinas, papel cuadriculado...), instrumentos de medida (regra, cinta métrica, metro de carpinteiro...), escuadro, cartabón, semicírculo graduado, compás, figuras e corpos xeométricos, cordas, cintas, cordeis, xogos de pesas e medidas, básculas, xogos de moedas e billetes simulados, cronómetros, reloxos analóxicos e dixitais, calendarios, termómetros, barallas, ruletas, dados, bombos de lotería, dominós, crebacabezas, xogos de construción, calculadora, folletos de comercios cos prezos dos artigos e os posibles descontos, envases e etiquetas de produtos comerciais cos pesos e capacidades e xornais e revistas.

Na área de Lingua galega o alumnado terá o seguinte material: libro de texto (Editorial Edelvives), caderno, dicionario de galego, lapis, bolígrafos, cores, (que serán propios), libros da biblioteca de aula e da biblioteca do colexio, dicionarios de castelán e bilingüe, encerado rotuladores . Ademais tamén disporá ás veces de ordenadores e dun encerado dixital.

Na área de Lingua castelá non haberá libros do alumno. O alumnado terá caderno, dicionario de castelán, lapis, bolígrafos, cores, (que serán propios), libros da biblioteca de aula e da biblioteca do colexio, dicionarios, encerado , pizarra dixital .

Na área de Ciencias sociais utilizarase: Libro do alumno (Editorial SM), caderno do alumno, atlas do alumno, fichas de reforzo, láminas para traballar o sistema solar, a atmosfera, as diversas partes da Terra, a Prehistoria e a Idade Antiga, esfera terrestre, mapas físicos e políticos de Galicia e de España, mapas mudos e recursos dixitais: ordenador, encerado dixital, CD.

Na área de Ciencias naturais utilizarase: Libro do alumno (Editorial SM), caderno do alumno, fichas de reforzo, láminas para traballar o corpo humano, os animais, as plantas, os animais, a paisaxe..., ordenador, encerado dixital, CD.

Na área de Lingua estranxeira non se utilizara libro de texto. O material consiste en libreta, lapis, os lapis de cores, ceras, fichas de colorear, encerado dixital e ordenador...

Na área de Educación física todo o alumnado virá correctamente vestido para o desenvolvemento da actividade física, así mesmo traerá útiles de aseo para o seu uso posterior. Os materiais que se precisen para as diferentes unidades serán ofrecidos polo propio centro (colchóns, pelotas, aros, bancos...). Estes materiais deberán ser tratados con respecto por todos e todas.

Na área de Relixión, o material consiste en libro de texto, lapis, lapis de cores, ceras, plastilina. C.D., D.V.D e fichas de colorear...

Na área de Educación artística, en Plástica (será en lingua inglesa) utilizarase papel, lapis de grafito, de cores, ceras, rotuladores, plastilina, papel charón, papel de seda, papel de celofán, cartolina, cartón, goma de pegar, tesoiras, témperas, pinceis, regra e compás, material da biblioteca e material informático.

En Música: caderno cuadriculado, lapis, instrumentos PAI e PAD, reproductor de CD, a biblioteca escolar (material informático e libros de distintas editoriais).

#### 4.2. POSIBLES ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA

Atendendo ao disposto no punto 30 do protocolo de adaptación ao contexto da COVID.19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 e ao apartado segundo punto 3 das Instrucións de 30 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, establécense a continuación o modo de proceder ante o suposto de actividade lectiva presencial, non presencial e semipresencial.

Supostos de actividade lectiva		
<b>Actividade lectiva presencial</b>	<b>Actividades</b>	As actividades que se realizarán estarán relacionadas cos contidos que se traballen en cada momento, segundo o previsto na programación. Poderán ser dos libros de texto, en formato ficha ou interactivas online.
	<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	O alumnado recibirá clases presenciais na aula nas que se desenvolverán os diferentes contidos de cada área e será valorado polas notas de aula tomadas polos mestres/as, así como pola realización das tarefas e/ou probas específicas que se lle propoña.
	<b>Materiais e recursos</b>	Fichas de repaso e ampliación. Libro do alumno/a. Folios ou follas cuadriculadas do arquivador. Ordenador, tablet ou móbil. Vídeos educativos...
	<b>Actividades</b>	As actividades que se realizarán estarán relacionadas cos contidos que se traballen en cada momento, segundo o previsto na programación. Poderán ser dos libros de texto, en formato ficha ou interactivas online.
	<b>Metodoloxía</b>	O alumnado recibirá clases presenciais e traballo online, a través da páxina web do centro (blogs de 4º A e B e/ou aulas virtuais de 4º A e B). Así, realizaranse explicacións dos

<b>Actividade lectiva semipresencial*</b>		contidos nas clases presenciais e enviaranse as actividades correspondentes a ditas explicacións no período non presencial, ofrecendo a posibilidade, chegado o caso, de realizar chamadas e/ou videoconferencias de seguimento para poder aclarar as dúbidas que poidan xurdir no proceso de realización das mesmas. Deste modo, o alumnado, será avaliado tanto polas notas de clase e polas probas que se puidesen facer a nivel presencial como pola realización axeitada das actividades enviadas para facer no período non presencial.
	<b>Materiais e recursos</b>	Fichas de repaso e ampliación. Libro do alumno/a. Folios ou follas cuadriculadas do arquivador. Ordenador, tablet ou móbil. Vídeos educativos... Blogs de 4º A e B e/ou aulas virtuais de 4º A e B dentro páxina web do centro. Servizo de videoconferencias Cico Webex.
<b>Actividade lectiva NON presencial*</b>	<b>Actividades</b>	As actividades que se realizarán estarán relacionadas cos contidos que se traballen en cada momento, segundo o previsto na programación. Poderán ser dos libros de texto, en formato ficha ou interactivas online.
	<b>Metodoloxía</b>	O alumnado seguirá o horario escolar para intentar manter unha rutina e un hábito de traballo diario, polo que se subirán diariamente as tarefas aos blogs de cuarto A e B e/ ou ás aulas virtuais de 4º A e B da páxina web do centro. Igualmente, manterase contacto co alumnado e as familias a través do correo electrónico, Abalar móbil e, en certas ocasións, telefónico ou por medio de videoconferencias.
	<b>Materiais e recursos</b>	Fichas de repaso e ampliación.

		Libro do alumno/a. Folios ou follas cuadriculadas do arquivador. Ordenador, tablet ou móbil. Vídeos educativos... Blogs de 4º A e B e/ou aulas virtuais de 4º A e B dentro páxina web do centro. Servizo de videoconferencias Cisco Webex.
--	--	---

\*Tanto no caso de actividade lectiva semipresencial, como non presencial, no suposto de que algún alumno/a non contase coa posibilidade de ter acceso a Internet facilitaráselle as actividades pertinentes en papel que se lle farán chegar por medio da Cruz Vermella á súa casa, e realizaranse as explicacións pertinentes, así como se manterá o contacto por vía telefónica. E por tanto, a partir da información recollida a través dos contactos telefónicos, procederase á avaliación de dito discente/s.

## 5. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para que o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requira unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) ou altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e as competencias da etapa, estableceranse as medidas curriculares e organizativas oportunas que aseguren o seu progreso adecuado, de conformidade co disposto nos artigos 71 a 79 bis da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Entre as medidas indicadas na epígrafe anterior considéranse as que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.

A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería competente en materia de educación. Os centros educativos deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

Na aula hai unha alumna con materia suspensa do curso pasado , que será reforzada na materia.

### 5.1. ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN

**Co fin de poder determinar, de forma obxectiva, o nivel competencial do alumnado, o curso 2021-2022 comezará cunha avaliación inicial de cada área o cal tamén axudará, xunto coa análise dos informes individualizados do curso anterior, a detectar as carencias e necesidades do alumnado e poder así axustar unha adecuada resposta docente.**

Por tanto, proporáselle ao alumnado ao longo do primeiro trimestre actividades de reforzo axeitadas, tendo en conta as necesidades de cada alumno e alumna e priorizando que acaden os mínimos esixibles para o logro das competencias clave, e especialmente as capacidades de expresión e comunicación lingüística, obxectivo principal do centro para este curso.

Estas actividades de recuperación serán levadas a cabo na aula polo propio profesorado do alumno/a.

Estas actividades atópanse recollidas nas programacións de aula. Tamén se poderá recorrer ao material que puntualmente deba ser elaborado polo profesorado. Algunhas destas actividades son:

### **Área de Matemáticas:**

- Exercicios con números de 3, 4, 5, 6 ou 7 cifras. Lectura, escritura, comparación, descomposición.
- Sumas e restas levando.
- Táboas de multiplicar. Multiplicacións.
- Divisións. Divisor con unha ou dúas cifras.
- Estimacións de sumas, restas e produtos.
- Problemas dunha ou dúas operacións.
- Exercicios de medidas de lonxitude, capacidade, masa, tempo.
- Actividades sobre rectas, ángulos, triángulos, cuadriláteros, paralelogramos.
- Elaboración e interpretación de diferentes gráficos e táboas.

### **Área de Ciencias naturais:**

- Esquemas do corpo humano: ósos , músculos e órganos.
- Frases sobre os sentidos.
- Cadros sobre seres vivos. As funcións vitais.
- Cadros sobre seres inertes. Rochas e minerais.
- Frases sobre animais vertebrados e invertebrados.

### **Área de Ciencias sociais:**

- Esquemas e debuxos sobre o Sol, a Terra, a Lúa: movementos, relación entre eles.
- Fichas sobre a auga: estados, ciclo.
- Fichas sobre o aire e o tempo atmosférico.

- Fichas de verdadeiro e falso sobre máquinas e enerxía.
- Mapas e planos sobre as paisaxes e os territorios.
- Gráficos e táboas sobre servizos e institucións.
- Frases sobre datos históricos para coñecer o pasado.

### **Áreas de Lingua galega e de Lingua castelá:**

#### Comprensión oral:

- Contar con poucas palabras un conto coñecido, previamente escoitado.
- Resumir unha noticia (que sexa impactante) con poucas palabras.
- Completar frases

#### Expresión oral:

- Contar de forma breve un suceso.
- Facer diálogos con palabras moi coñecidas.
- Describir un animal que lle guste.
- Facer preguntas aos compañeiros de acordo co tema tratado.
- Respetar as quendas de preguntar-responder.
- Ler con fluidez e claridade lecturas variadas.

#### Escritura:

- Escribir correctamente frases sobre o tema do día.
- Escribir listas de nomes propios e facer frases sinxelas con eles.
- Escribir palabras con mp, mb, bl, br, rr, r, x, cc, c/z, d, z. Logo facer frases con elas.
- Completar escritos onde apareza r despois de l, n, s.
- Describir obxectos coñecidos aplicando as normas básicas de ortografía.
- Facer ditados de non máis de 6 frases usando as regras de ortografía.
- Buscar as palabras que estean mal escritas nun texto breve. Correxilas e facer frases con elas.
- Facer copiados de non máis de 10 liñas, fixándose na ortografía.

### **Área de Lingua estranxeira- Inglés:**

- Actividades orais e escritas do vocabulario traballado.
- Relacionar imaxes coas etiquetas correspondentes.
- Cancións sobre os temas traballados.
- Repetición oral de vocabulario, frases, fórmulas habituais...



**Área de Educación física:**

- Escoitado un xogo que o explique aos seus compañeiros 1º como o escoitou e logo con pequenas variacións para que o poidan desenvolver todos.
- Promover xogos de expresión corporal para visualizar as problemáticas de comportamento e desenvolver habilidades sociais
- Visualizar o estado do material de aula ao principio e ao remate da clase e que comprobe que queda perfectamente.
- Saltar á corda so ou en compañía, compartindo cancións.
- Que invente un xogo sinxelo de pelota e que sexa quen de explicalo.
- Que mostre con mímica como se pode asear correctamente.
- Que explique correctamente xogos sinxelos para ser xogados por todos (de pillar, de saltar...).

**Área de Relixión:**

- Completar frases sobre o Nadal.
- Sopas de letras de obxectos relixiosos.
- Descifrar códigos sobre a amizade.
- Completar esquemas sobre a natureza.

**Área de Valores sociais e cívicos:**

- Debuxarse a si mesmo e salientar as características máis importantes.
- Facer debates sobre temas de interese respectando as quendas e as opinións alleas.
- Ler os dereitos e deberes que teñen os nenos e nenas.
- Reflexionar sobre a conveniencia de establecer normas de convivencia.

**Na área de Educación artística:**

Referente á percepción e interpretación das representacións plásticas: Actividades de observación na aula e no contorno, formas, cores, texturas.

Na expresión e creación plástica: Actividades espaciais, de discriminación de cores, texturas, etc.

- No referente á escoita, faranse actividades de discriminación auditiva (agudo/grave, ritmos en eco, pregunta/resposta, ditados rítmicos, formas musicais).
- No referente á expresión, realizaranse actividades de lecto-escritura, cancións, instrumentacións, xogos, desprazamentos, danzas...

## 6. AVALIACIÓN

### 6.1. PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua e global.

Teremos en conta o progreso do alumnado na consecución dos obxectivos fixados, atendendo ás súas capacidades e ritmos de aprendizaxe.

Partiremos da avaliación inicial, que nos dá o punto de partida do alumnado. Deste xeito podemos valorar os seus progresos ata o momento da avaliación.

Instrumentos de avaliación

Para a avaliación do alumnado utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Probas orais e/ou escritas (controis, exames...)
- Caderno de clase,
- Traballo diario,
- Observacións realizadas polo mestre na aula e referidas a técnicas de traballo, interese, actitude, etc.
- Intervencións na clase,
- Producións do alumno e da alumna (composicións, exposicións orais, traballos en grupo ou individuais...),
- Probas prácticas.

En cada proba valorarase:

- O nivel de coñecemento, de comprensión e de asimilación.
- As capacidades de análise, síntese, interpretación, aplicación. resolución de problemas e calquera outro criterio específico da área.
- A limpeza e presentación.

### 6.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

No primeiro mes do curso escolar realizarase unha avaliación inicial, que incluírá:

- A análise dos informes persoais do nivel anterior .
- Os datos obtidos polo propio titor ou titora sobre o punto de partida desde o que o alumno e a alumna inicia as novas aprendizaxes.

A avaliación inicial basearase:

- No control de contidos adquiridos no curso anterior.
- Na observación directa.
- No control de lectoescrita.

- Na análise da comprensión lectora.
- Dominio de numeración ata 5 cifras, operacións de suma e resta con levadas, multiplicación por una cifra e resolución de problemas coas anteriores operación combinadas.
- Na observación de habilidades sociais.
- Na observación do seguimento de normas e hábitos de traballo.

Os instrumentos para a realización da avaliación inicial serán:

- Fichas de control dos contidos adquiridos no curso anterior.
- Observación directa.

Despois desta avaliación farase unha valoración conxunta dos titores e titoras co equipo docente e o departamento de orientación, para adoptar medidas de reforzo, apoio e recuperación que se considerasen precisas.

En todas as áreas valorarase a limpeza e a orde, o manexo da información, a ortografía, a comprensión oral e escrita, a expresión oral e escrita e o razoamento lóxico (identificación, análise, comentario, resolución de problemas).

Seguiremos os seguintes criterios de cualificación:

- Áreas de Sociais e Naturais:
  - Contido..... 40%
  - Oralidade..... 30%
  - Producións escritas..... 30%
- Áreas de Lingua galega e castelá:
  - Oralidade.....20%
  - Lectura.....40%
  - Escritura.....40%
- Área de Matemáticas:
  - Contido.....50%
  - Resolución de problemas que engada todos os contidos....50%

En todas as áreas valorarase a limpeza e a orde, o manexo da información, a ortografía, a comprensión oral e escrita, a expresión oral e escrita e o razoamento lóxico (identificación, análise, comentario, resolución de problemas).

CUANTIFICACIÓN

Aspectos	Porcentaxe
Realización das tarefas.....	30%
Participación activa na aula.....	20%
Probas orais ou escritas.....	50%

Considérase aprobado cando o alumnado obtén unha media igual ou superior a 5 puntos.

Tendo en conta estes criterios e en función da media dos diferentes aspectos avaliados o alumnado obterá as seguintes cualificacións:

INSUFICIENTE: inferior a 5 puntos.

SUFICIENTE: 5 - 5.9 puntos.

BEN: 6 - 6.9 puntos.

NOTABLE: 7 - 8.9 puntos.

SOBRESALIENTE: 9 - 10 puntos.

En Educación artística a nota será a media ponderada de Educación musical e Educación plástica.

### 6.3. AVALIACIÓN INICIAL

Na primeira semana do curso escolar realizarase unha avaliación inicial, que incluírá:

- A análise dos informes individuais do curso anterior onde se especifican o nivel competencial acadado por cada alumno.
- Os datos obtidos polo propio titor ou titora sobre o punto de partida desde o que o alumno e a alumna inicia as novas aprendizaxes.

A avaliación basearase:

- No control de contidos adquiridos no curso anterior.
- Na observación directa.
- No control de lectoescrita.
- Na análise da comprensión lectora.
- Na observación de habilidades sociais.
- Na observación do seguimento de normas e hábitos de traballo.

Os instrumentos para a realización da avaliación inicial serán:

- Fichas de control dos contidos adquiridos no curso anterior.
- Observación directa.

Despois desta avaliación farase unha valoración conxunta dos titores e titoras co equipo docente e o departamento de orientación, para adoptar medidas de reforzo, apoio e recuperación que se considerasen precisas.

#### 6.4. AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

Ao longo do curso o profesorado fará a revisión continua da propia programación, analizando o cumprimento de obxectivos, o grado de adquisición das competencias clave, a adecuación dos contidos ao progreso real de aprendizaxe do alumnado, a metodoloxía empregada e o uso dos medios materiais e organizativos, coa finalidade de facer os axustes precisos para corrixir as insuficiencias detectadas.

Nas reunións dos mestres coa colaboración da orientadora comentarán as incidencias que se produzan no desenvolvemento do traballo realizado, coa finalidade de unificar criterios, buscar solucións e analizar o progreso de alumnos e alumnas con relación aos obxectivos e contidos programados e deseñar programas específicos de intervención no caso de ser necesarios.

Nas sesións trimestrais de avaliación os titores e titoras e os especialistas que imparten docencia no curso valorarán o proceso e a práctica docente no que está incluída a propia programación.

Ao final de curso farase unha avaliación final na que se recollerán os resultados e as propostas de mellora.

Usaremos a táboa que vén de seguido para as valoracións trimestrais.

	AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN	1	2	3	4	Propostas de mellora
1.	Coherencia na relación entre todos os elementos da programación					
2	Contribución dos contidos ao desenvolvemento dos obxectivos xerais					
3	Coherencia entre a programación de nivel e a programación de aula					
4	Contribución da metodoloxía aplicada á adquisición das aprendizaxes previstas					
5.	Correspondencia entre os obxectivos fixados					

	e os conseguidos.					
6.	Coherencia entre os criterios de avaliación e os obxectivos e contidos da programación					
7.	Valoración dos recursos en relación ás necesidades da programación					
8.	Adecuación das medidas de atención á diversidade					
9.	Correspondencia entre a planificación de plans e proxectos e as actividades realizadas Plan Lector Lingüístico Tic Consumo Medioambiente Saúde					
10	Coordinación entre os profesores e profesoras					

1. Nada      2. Pouco      3. Bastante      4. Moito

## 7. EDUCACIÓN EN VALORES

A comunidade educativa deste centro manifesta a necesidade de que as cuestións ambientais, as relacionadas coa saúde, coa paz, coa solidariedade, co consumo, coas relacións sociais... sexan incorporados á actividade educativa.

Tendo en conta o citado anteriormente o curso traballa proxectos referentes a saúde, medio ambiente e consumo. Este traballo posibilita ao alumnado a oportunidade de propoñer e analizar as devanditas cuestións, de adquirir sobre as mesmas determinadas actitudes e desenvolver determinados comportamentos e valores libremente asumidos.

Integramos dentro do currículo das áreas os contidos citados anteriormente que son base de aspectos culturais e sociais relevantes, e valores que deben prevalecer nun sistema democrático.

- Dentro da promoción da saúde trabállase sobre alimentación equilibrada, merendas saudables e fomentase a actividade física dentro e fóra da escola.
- En consumo trabállase sobre aforro enerxético.

- En Medio Ambiente trabállase sobre a importancia da reciclaxe, do aforro de recursos, do coidado do planeta e da non contaminación.

Outro ámbito de traballo no curso refírese a:

- Desenvolvemento de habilidades sociais: a comunicación, a cooperación, a solidariedade, o respecto aos iguais e ás normas.
- Intelixencia emocional

Este traballo faise no tempo de titoría e con materiais aportados polo departamento de orientación.

Tamén se utilizan os materiais de promoción de valores ofertados polo Concello de Pontevedra.

## 8. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Co obxectivo da formación de lectores competentes e a creación e consolidación de hábitos de lectura, todas as áreas contribuirán ao proxecto lector do centro (PLC), mediante a realización dun tempo diario de lectura obrigatoria, seguindo as pautas marcadas no mesmo PLC, que durará das 12.10 ás 12.35 horas. Esta actividade realízase cada grupo na súa aula, a continuación do período de lecer.

Cada aula está dotada dunha biblioteca para que o alumnado escollo libremente os libros para ler neste tempo. Esta biblioteca renóvase cando se precisa con libros da biblioteca do colexio.

Contribución das áreas:

Na área de Matemáticas dentro das unidades que se traballen, dedícanse os tempos necesarios para actividades de fomento da lectura, tales como buscar e traballar cos artigos ou noticias en xornais e revistas sobre: números de ata sete cifras, fraccións, táboas de cambio de moedas, táboas de horarios de medios de comunicación, distintos tipos de gráficos, textos que aludan ao diñeiro e á economía e nos que se manexe as matemáticas na vida cotiá.

Farase fincapé cos alumnos e alumnas na necesidade de ler o enunciado dos problemas con moita atención para entendelos correctamente.

Nas áreas de Lingua galega e de Lingua castelán hai un tempo programado para a lectura en todas as sesións.

Sempre se fai a lectura da lección do día en voz alta, así como tamén se len textos de lecturas do libro do alumno en prosa: contos, relatos curtos, breves narracións; ou en verso: poemas, adiviñas.

Para as prácticas de fomento da escritura o alumnado fará todos os días unha copia dun texto elixido libremente, conseguindo así unha mellora na súa caligrafía e tamén na súa ortografía. Farase fincapé nos erros cometidos para a súa corrección.

Nas áreas de Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza, Inglés e Relixión dedícase diariamente unha parte da sesión á lectura da unidade que corresponda. Durante este tempo de lectura cada neno/a irá lendo un parágrafo en voz alta mentres os demais atenden seguindo o seu libro.

Despois da lectura dialogarase e haberá preguntas para saber se o alumnado comprendeu os textos lidos.

Tamén se realizarán actividades escritas como, por exemplo, copia de resúmenes dos temas, de textos, etc...

Na área de Educación artística realizaranse lecturas relacionadas cos artistas que se traballan durante o curso, para familiarizarse coa súa obra, o seu movemento.

Lectura de textos referentes á linguaxe musical, aos instrumentos, compositores, tipos de música, lectura e instrumentación de contos musicais, lectura e escritura de cancións, rimas e contos musicais, creación de letras para rimas e cancións, coplas para os maíos...

Actividades que supoñan procura de información, lectura, selección e composición escrita.

## 9. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

No cuarto curso perfeccionaranse as aprendizaxes fundamentais (comprensión lectora e interpretación correcta das ordes), fomentarse a creación de textos, atendendo á corrección e a expresión, realizaranse tarefas de cálculo mental e resolución de problemas e iniciarase ao alumnado no mundo da comunicación electrónica e no uso da internet para a procura de información.

En todas as áreas o alumnado poderá facer procuras guiadas na internet, sempre que sexa preciso e posible.

Na área de Matemáticas utilizamos:

- Material informático de apoio que contén gráficos, mapas, táboas, representacións de figuras xeométricas etc.,
- Actividades interactivas organizadas para repasar as unidades.

Na a área de Lingua galega utilizamos:

- Material que contén cancións, historias, xogos así como actividades interactivas organizadas para repasar as unidades,



- CDs que conteñen gravacións de cancións e actividades de comprensión oral.

Na área de Lingua castelá utilizaremos:

- Material multiROM relacionado cos contidos, Internet para consultar dicionarios e enciclopedias para obter información sobre un tema.
- Buscarase a produción de textos e presentacións de traballos empregando os recursos dixitais.

Na áreas de Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza utilizamos:

- Material multiROM que contén xogos e actividades interactivas.

Na área de Relixión utilizamos:

- Material multiROM que contén cancións, historias, xogos así como actividades interactivas.
- DVD que contén películas de carácter histórico-relixioso.
- CDs que conteñen a gravacións de cancións e actividades de comprensión oral.

Na área de Educación artística utilizaranse programas informáticos de manipulación de imaxes, cunha finalidade expresiva, e experimentaranse algunha das posibilidades que ofrecen as ferramentas informáticas para a creación artística e gráfica.

## 10. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Para conseguir unha óptima convivencia, nun clima de diálogo e boas relacións entre todos os compoñentes do cursp, adoptaranse unha serie de medidas que serán difundidas, aclaradas e recordadas a todos e a todas.

As accións que se desenvolverán estarán relacionadas con:

- O fomento da convivencia entre os membros do curso.
- A adquisición de valores democráticos
- A prevención de condutas que poidan alterar a vida normal da aula-centro.

Programaranse actividades en común (visionado de películas, lecturas, charlas), actividades de colaboración e participación de nais/pais na vida da escola arredor das conmemoracións.

O alumnado será informado nos primeiros días de clase, dos seus dereitos e deberes recollidos nas normas de organización e funcionamento.

Serán acordadas, en cada aula, unhas normas para o funcionamento da mesma.

Traballaranse as habilidades sociais no tempo de titoría.

Propiciarase o uso das canles establecidas nas normas de organización para que o alumnado exprese as súas discrepancias ou suxestións. (Asembleas de aula)

En cada aula haberá follas de incidencias onde se recollerán as situacións conflitivas que vaian xurdindo ao longo de cada mes, e que serán remitidas á Xefatura de Estudos para o seu estudo.

## 11. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LINGÜÍSTICO

As accións de contribución ao proxecto lingüístico do centro que realizamos no 4º curso están encamiñadas a mellorar a competencia lingüística do noso alumnado en todas as linguas, entendida esta como o elemento básico fundamental para a adquisición de novas aprendizaxes e para o desenvolvemento persoal.

O traballo concretarase en actividades para fomentar a capacidade lecto-escritora e a produción de textos orais e escritos, así como actuacións encamiñadas a potenciación da biblioteca e á elaboración de traballos de investigación.

- Incluirase entre os criterios de avaliación os referidos á corrección lingüística: respecto da norma ortográfica, corrección léxica e gramatical e calidade na presentación dos escritos.

- Audicións para a comprensión de textos orais axeitados a cada área e idade.
- Exercicios de comprensión de textos escritos.
- Produción de textos escritos, centrados nas técnicas de composición de textos e o desenvolvemento de ideas, con textos de carácter diverso, adecuados á idade e á área curricular.

- Produción de textos orais como: asuncións/representacións nun contexto determinado de roles pactados previamente, dramatizacións de situacións de fala habituais, explicacións de como se chega a unha determinada dirección, presentacións de reclamacións, conversacións/ asembleas sobre temas do grupo ou de actualidade, exposicións, expresións dos sentimentos que provoca a observación de obras de arte, descrición de imaxes diversas (edificios, paisaxes, esculturas...), debates sobre temas controvertidos ou actuais...

- Colaboración coa biblioteca do centro, participando nalgunhas actividades propostas para potenciar o seu uso.

Participaremos nalgunhas das actividades propostas polo EDLG que consideremos axeitadas ás características e ritmo do noso alumnado.

Referente á programación integrada de contidos e lingua, o alumnado deste curso ten como lingua vehicular, dentro da expresión plástica, a inglesa.

Queremos con iso ampliar o vocabulario en inglés relacionado cos contidos da citada área para posibilitar a mellora nas destrezas orais relacionadas coa lingua inglesa e a comprensión da mesma.

## **12. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

O equipo de mestres do curso propondrá actividades que axuden ao alumnado a pensar e a axilizar a mente: contos, resumos, poesías que non haberá que traer rematados se non pensados e ás veces cun pequeno guión escrito.

Para facilitar o uso da informática tamén poderá solicitarlles buscas sinxelas a través da internet para complementar o traballo de aula, que farán supervisados pola súa familia.

Como complemento das actividades de ensino-aprendizaxe proxectadas nas programacións de aula segundo os contidos correspondentes a este curso, contemplamos a posibilidade de participar en actividades ofrecidas por entidades tales como o Concello (Pazo da cultura, biblioteca, Salón do libro), a Deputación, a Consellería e outras institucións culturais, artísticas, lúdicas etc., .Igualmente organizaranse outras actividades pola escola (Samaín, Magosto, Nadal, día da Paz, etc.).

